

A FEIRA DE VERDILLO

Certo día, cavilando
con mil tristes pensamentos,
sentín na ialma un vacío,
ou, dito máis ó dereito
5 no corpo; i escontra min
con esmorecido acento,
escramei: "¡Eu necesito
un porco pró meu goberno!"
E como as cousas en min
10 son cuestión de dito e feito,
cara a feira de Verdillo,
que está a un paso do meu eido,
funme pola mañanciña
como quen vai de paseo;
15 i ó cabo dunha hora escasa
vin erguerse alá de lexos
a feira, que parecía
máis que feira, un campamento
coas súas casas de lona,
20 seus infinitos cubertos
de pedra, i o seu xentío,
que, en contino movemento,
visto aló dendes da altura
somellábase un exército.

25 Cheguei á hora en que a feira
está no seu apoxeo.
¡Que confusión! ¡Que barullo!
¡Que ir e vir... e que mareo!
¡Alí, moitas ringuileiras
30 de tendas e de comercios!
¡A outro lado, vacas, bois
e terneiras e becerros!
¡Máis alá, formando ringla,
cabalos bos e xamelgos,
35 eguas, potros e pollinos
castaños, brancos e negros!
¡Chalás que revenden maulas
con tanta maña i acerto...
que astra vendéndoas de balde,
40 ganan o cento por cento!
Rodas, con mil picalladas
a carto ou a can pequeno
a volta... ¡Que dá mil voltas
sempre do dono en porveito!
45 ¡Maníficos panoramas,
por cuio burato estreito
vense cantas maravillas

50 existen no mundo enteiro,
a saber: París e Londres,
Xibraltar e Cacabelos,
a guerra franco-prusiana,
Sansón, Xudas... i Espartero!
I en fin, tristes e pacífecos
55 do campo aquel nun extremo,
meus soñados ideales,
meus degorantes deseos;
ou, falando en prata e craro,
con máis prosa e menos verso,
60 os que, perdonando as caras
das persoas de rispeto,
levan o nome de porcos...
¡Outro millor merecendo!

65 Acerqueime a mercar un,
mais chegou o amigo Pedro,
e levándome a remolque,
do dios Baco a un santo tempro,
alí, queiras que non queiras,
doume un almorzo soberbo,
a saber: Unha tortela
e dous vasos do Ribeiro.

75 Volvín a saír de novo,
mais o diaño, nunca quedo,
deparoume un padre cura
que me dixo: -D. Ruperto,
vamos a botar un trago.
- Non podo, non teño tempo.
- ¡Abonda xa de desculpas!
¡Non ten vosté máis rimedio!-
80 Compracino, e con pacencia
dixen para os meus adrentos:
"¡Pois señor, por ves segunda
queda o meu porco en proieuto!"

85 Por fin, libreime do cura
e funme para a compra... pero
tralo cura veu un xastre,
tralo xastre veu un médeco,
tralo médeco un perito,
tralo perito un maestro,
un boticario, un albéitar,
90 un escribano i un... ¡Demo!
(¡Que astra non sei se viría
tamén o sepultureiro!)
Decíndome: "Pra comprar
ten vostede tempo e tempo".

95 E todos, por compracerme,
(maldigo os seus cumprimentos)
a trago vai, trago vén,
pasouse a tarde nun credo
falándome de mil cousas
100 que a min me importaban... ¡Menos
do que podría importarlle
a Bismark, meu casamento!

Seu manto estendeu a noite,
e cal bando de morcegos,
105 pouco a pouco os meus amigos
foron marchando en silencio.
Botei as contas, e vin
que lle dera ó meu diñeiro
un gran ataque... ¡E total
110 sin parecer e sin proveito!
Sentín ardor na cabeza,
sono, nogalla, esvaimentos,
arreneguei da amizade,
mandei a todos ó inferno,
115 e, desfeita a feira, ó cabo,
depois de tantos mareos
funme... ¡Sin comprar o porco!
¡Dándome a tódolos demos!

Agora solo me falta
120 tras tamaños contratemplos,
para compretar a feira,
quedarme tamén... ¡Sin premeo!
porque entón direi: ¡Corrido,
apaleado e contento!